

ACORDO DO TRIBUNAL DO PROCESO SELECTIVO CONVOCADO POR RESOLUCIÓN REITORAL DO 20 DE XUÑO DE 2024, RELATIVO ÁS ADAPTACIÓNS SOLICITADAS PARA A CELEBRACIÓN DAS PROBAS.

O tribunal do proceso selectivo convocado por resolución reitoral do 20 de xuño de 2024, para o acceso á escala auxiliar, subgrupo C2, pola quenda de acceso libre («DOG» núm. 126, do 1 de xullo de 2024), en aplicación da base 5.8 da convocatoria que dispón: «5.8. O tribunal adoptará as medidas precisas para que as persoas aspirantes con discapacidade igual ou superior ao 33 % participen en condicións de igualdade. Para tal efecto, o órgano de selección poderá requirir un informe e, se é o caso, a colaboración dos órganos técnicos da Administración laboral, sanitaria ou de asuntos sociais. Para os efectos de valorar a procedencia da concesión das adaptacións solicitadas, requirirase da persoa aspirante o correspondente certificado ou información adicional. A adaptación non se outorgará de forma automática, senón unicamente naqueles casos en que a discapacidade garde relación directa coa proba que se vaia realizar»,

VISTAS as adaptacións solicitadas e tomando en consideración os informes emitidos polas correspondentes seccións de cualificación e valoración de discapacidade emitidas pola Consellería de Política Social da Xunta de Galicia, **ACORDOU**:

Primeiro.- Resolver favorablemente trece solicitudes de adaptación do total das dezoito solicitudes presentadas.

Segundo.- Comunicar de xeito individualizado a cada aspirante que solicitou adaptación o resultado da súa solicitude, co detalle da adaptación que se concede. Esta comunicación farase por medio de posta a disposición de notificación electrónica ao enderezo de correo electrónico que figura nas solicitudes dos interesados.

Terceiro.- Facer pública (**anexo I**) a relación de adaptacións concedidas sen que figure a identidade dos aspirantes, tendo en conta o disposto na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais que adapta o ordenamento xurídico español ao Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e o Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos seus datos persoais e a libre circulación deses datos.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

O presidente do tribunal
Félix Navaza Aller

Taboleiro electrónico da Sede Electrónica:

<https://sede.usc.es/sede/publica/taboleiro/inicio.htm>

Páxina web das convocatorias da Subárea de Planificación de PAS:

<https://www.usc.gal/es/institucional/gobierno/area/gestionpersoal/PAS/oeplistado>

Anexo I. Adaptacións concedidas.

Adaptacións concedidas
1. Acceso sen barreiras arquitectónicas. Indicacións e explicacións do exame por escrito. Avisos antes das probas ou chamadas por correo electrónico. Ampliación de 30 minutos por cada 60 minutos de proba.
2. 25% máis de tempo en cada exercicio e utilización de mesa e cadeira.
3. Dispoñer de mesa apta para persoas zurdas.
4. Ampliación de tempo dunha hora por cada hora de proba.
5. Adaptación de mesa e cadeira e ampliación de tempo de 45 minutos por hora de exercicio.
6. Ampliación de tempo de 15 minutos por cada hora de exercicio.
7. Uso de audífonos durante o desenvolvemento da proba.
8. Dispoñer dunha mesa e cadeira cómodas.
9. Cadeira de asento completamente recta e ríxida.
10. Acceso e realización do exercicio sen barreiras arquitectónicas.
11. Ampliación de tempo de 23 minutos por cada hora de exame.
12. Ampliación de tempo 15 minutos máis por cada 60 minutos.
13. Ampliación de 1 hora por cada 60 minutos de proba.

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: FELIX NAVAZA ALLER, NIF ***9602**, 17/03/2025 10:06:18.

CSV: 1E28-1159-4058-9FBA